

ANEXO III

MEMORIA TÉCNICA DO PROGRAMA

Arquivo en formato PDF e asinado electronicamente coas seguintes características:

- Máximo de dez páxinas, en Arial 11, interliñado sinxelo e marxes de dous centímetros.
- Avaliado, supervisado e asinado electronicamente pola persoa coordinadora ou responsable deste, a cal terá titulación universitaria acorde coa natureza do programa.

Para poder ser avaliado deberán constar os seguintes puntos:

- a) Denominación do programa.
- b) Obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar
- c) Metodoloxía empregada. Descrición pormenorizada das fases do programa e criterios de alta.
- d) Ámbito territorial da poboación á que vai dirixido, así como criterios de inclusión e exclusión no acceso á vivenda.
- e) Número de persoas usuarias de cada vivenda e ocupación mensual e media da vivenda do ano anterior.
- f) Actividades realizadas na vivenda. Especificar días e horas (cronograma de actividades previstas).
- g) Actividades realizadas fóra da vivenda. Especificar días e horas (cronograma de actividades previstas).
- h) Recursos humanos e materiais con que conta a entidade para levar a cabo o programa específico de atención directa no centro de atención social de apoio a procesos terapéuticos. No caso dos recursos humanos indicárase o nome, a titulación, a categoría profesional e o horario dedicado ao programa.
- i) Inclusión de alternativas ocupacionais e/ou formativas específicas destinadas a persoas con adiccións emerxentes.
- j) Indicadores de proceso e resultado empregados.
- k) Porcentaxe de usuarios que acadaron os obxectivos no ano anterior.